



Situación real da nosa historia medieval, cunha mestura de ironía e drama. Con Frei Samuel no mesón, aparecen feridos, xente con mensaxes belicosas, e a intriga de poder que tivo como testemuña o lugar de Urdilde.

Frei Samuel
Ramón Carredano Cobas.
Toxosoutos.



Esta novela épica de Suso de Toro ten por narrador a Dous Corvos, un guerreiro que narra o acontecido a Morgún, a quen el chama Lobo Máxico, un heroe celta que foi atopado cando meniño cun ollo de cada cor e cunha manda de lobos protexéndoo.

Morgún
Suso de Toro. Xerais.



A novela percorre a historia do país a través de tres xeracións dunha familia, "dende a esperanza republicana á sociedade globalizada".

Mentres a herba medra
Xesús Rábade Paredes. Galaxia.



O xene da chuva de X. Ricardo Losada é un libro de relatos con constantes referencias á vila de Rianxo e ás experiencias vitais do autor.

O xene da chuva
Ricardo Losada. Edicións do Castro.



Estimadas Familias:

Somos a Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza (CENDLB) formada polos ENDL de 14 centros de ensino públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria dos concellos de Rianxo, Boiro, Pobra e Ribeira. Levamos traballando xuntos dende o curso 2007-2008 e facendo actividades, dentro da nosa comarca a prol da lingua galega tanto nos centros de ensino como na sociedade. Un ano despois, o 19 de novembro de 2008, acordamos constituírmonos en Asociación Lingüístico-Cultural polo que nos dotamos de estatutos, entidade xurídica e representación legal. Con este paso a Coordinadora será máis operativa e poderemos realizar unha mellor labor de dinamización da nosa lingua.

O que propomos é aproveitar o privilexio de coñecer e falar a nosa lingua propia, o que nos achega a millóns de falantes de portugués no mundo, e de empregar, cando sexa preciso, outra das linguas máis faladas: o español. Temos esa sorte, por que desaproveitala?

Xa que nos achegamos ao Nadal, tempo de lecer e agasallos para toda a familia, pensamos nos libros que van neste tríptico, escritos por autores e autoras barbanzánas ou ben que desenvolven o seu argumento na nosa comarca. Agardamos que goceades con eles.

Saúdos.

Lenda	
Primeiros/as lectores/as	
Lectores/as autónomos/as	
Lectores/as expertos/as	

Boletín Informativo da CENDLB

Barbanza nas nosas letras



Decembro 2008, nº 1





Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza